



## INSTRUCCIÓN DIRIXIDA ÁS ESCOLAS DE EDUCACIÓN NO TEMPO LIBRE DE GALICIA PARA OS EFECTOS DE AMPLIAR AOS NOVOS CURSOS QUE SE CONVOQUEN A POSIBILIDADE DE COMPATIBILIZAR A FORMACIÓN PRESENCIAL COA FORMACIÓN ONLINE

O pasado 1 de abril a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dictou unha instrución para os efectos de flexibilizar, de xeito excepcional e derivado da crise sanitaria da COVID-19, os requisitos do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, no relativo á formación impartida polas escolas.

Dita instrución baseábase no artigo 9 do Real Decreto 463/2000, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. No seu apartado 2 este artigo dispuña que "durante o período de suspensión manteranse as actividades educativas a distancia e "online" sempre que resulte posible".

En virtude do artigo 50<sup>1</sup> da Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, as escolas de educación no tempo libre de Galicia poden reiniciar a súa actividade presencial a partir do 25 de maio.

Este artigo, no seu apartado 1, establece que "os centros educativos e de formación non previstos no artigo anterior, tales como autoescolas e academias, poderán dispor de reinicio da súa actividade presencial, sempre que non se supere un terzo do seu aforo. **Así mesmo, deberán priorizar, sempre que sexa posible, as modalidades de formación a distancia e online**".

Compre lembrar que a normativa vixente en Galicia en materia de educación no tempo libre non contempla a realización de parte da formación en modalidade telemática, a distancia ou online. Porén, ante as circunstancias excepcionais derivadas da crise sanitaria, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social considera axeitado dar a opción ás escolas de educación no tempo libre a adaptar optativamente certos contidos dos cursos que comezan a partir da data desta instrución e durante o período da súa vixencia á modalidade telemática, a distancia ou online e impartilos de xeito non presencial.

1 Artigo engadido pola Orde SND/440/2020, de 23 de maio (BOE núm. 146, de 23 de maio de 2020).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL  
Dirección Xeral de Xuventude,  
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 54 48 64

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

[xuventude@xunta.gal](mailto:xuventude@xunta.gal)



Os contidos susceptibles de seren impartidos a distancia son:

- Para o curso de monitor/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil: 1ª parte, 4ª parte e 5ª parte.
- Para o curso de director/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil: 1ª área, 2ª área e, dentro da 3ª area, os apartados 3.4, 3.5 e 3.6.
- Para o curso de director/a de campos de traballo: Os apartados 1, 2, 3, 8 e 9.

En todo caso, a metodoloxía deberá de seguir sendo, na maior medida posible, activa, dinámica e participativa, como establece o Decreto 50/2000.

Para facilitar que se cumpran estes criterios metodolóxicos, as escolas de educación no tempo libre que impartan formación a distancia deberán:

- Empregar plataformas específicas de formación online.
- Realizar sesións video-presenciais e titorías online.

As escolas que desexen impartir todos ou algún dos contidos especificados nesta instrución a distancia deberán comunicalo a través do correo [escolaxuventude.ctb@xunta.gal](mailto:escolaxuventude.ctb@xunta.gal), especificando a metodoloxía que van empregar, para a súa autorización por parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, empregando o modelo anexo a esta instrución.

Esta instrución permanecerá en vigor ata que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado comunique á Rede de Escolas de Educación no Tempo Libre de Galicia a finalización da súa vixencia, en función da evolución da situación de crise sanitaria.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2020

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cristina Pichel Toimil

